

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 11 DE OUTUBRO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se nomea director da Axencia Galega da Industrial Forestal a José Ignacio Lema Piñeiro.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello da Cañiza para acondicionamento interior do núcleo da Franqueira, por importe de cento trinta e sete mil oitocentos trinta e catro euros con corenta e dous céntimos (137.834,42€).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo sobre a planificación 2017-2020 da Estratexia da paisaxe galega.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se prorroga a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo por un importe de oitocentos mil euros (800.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura de 52 acordos específicos de financiamento do programa de rexeneración e renovación urbanas, que se asinará no seo da Comisión Bilateral de seguimento da prórroga do Plan Estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se aproba o mapa farmacéutico de Galicia, se planifica a autorización de novas oficinas de farmacia e se fixa a delimitación territorial para a súa localización, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

## **CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras, de carácter permanente, que rexerán as axudas para ampliar a conciliación por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, por un importe de oitocentos mil euros (800.000,00€).

## **CONSELLEIRA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilanova de Arousa para a reforma de Casa de Cultura a auditorio e edificio multiúsos, por un importe total de cen mil euros (100.000,00€).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a Orde pola que se establecen os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2018.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe de execución da Campaña de Verán 2017 da Xunta de Galicia.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre as medidas que se adoptarán pola repercusión da seca nas explotacións agrogandeiras de Galicia no ano 2017

## CONSELLERÍA DO MAR

- Informe Passeport Escales 2017

## **A XUNTA NOMEA A JOSÉ IGNACIO LEMA PIÑEIRO DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**

- *Lema Piñeiro é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela*
- *Ocupaba desde 2015 o posto de subdirector xeral de Estudos e Políticas de Gasto Sanitario da Consellería de Facenda, tras 18 anos traballando na Administración autonómica*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a José Ignacio Lema Piñeiro como director da Axencia Galega da Industria Forestal, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Lema Piñeiro (Brión, 1961) é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e desde 2015, tras traballar durante 18 anos en diversos postos da Administración autonómica, ocupaba o cargo de subdirector xeral de Estudos e Políticas de Gasto Sanitario na Consellería de Facenda. O director da nova axencia ten experiencia no sector forestal, xa que con anterioridade foi xerente dunha empresa familiar de primeira transformación e representante de distintas compañías da madeira e maquinaria do sector.

O seu principal obxectivo como director do novo organismo da Xunta será impulsar o sector forestal en Galicia, formado por 3000 empresas e máis de 80.000 traballadores de forma directa e indirecta. O Goberno galego busca con esta axencia favorecer a competitividade neste eido e afondar no fomento das relacións entre os diferentes axentes para incrementar o valor do produto final.

Outros obxectivos son o fomento da innovación tecnolóxica e do emprego de calidade mediante a incorporación de persoal cualificado. O que se pretende, en definitiva, é dar resposta ás demandas dun sector que factura en Galicia ao redor de 2000 millóns de euros ao ano. De feito, a axencia funcionará como interlocutor entre o sector e os distintos departamentos autonómicos para canalizar as súas peticións.

O forestal é un sector estratéxico para a Xunta e, por iso, ten programadas actuacións que nacen da coordinación entre diferentes departamentos autonómicos. Así, apoiarase o crecemento de novas empresas de aproveitamento e transformación de produtos do monte destinados á industria forestal no medio rural e aplicarase unha rebaixa de impostos para aqueles que invistan no eido forestal. En concreto, haberá deducións fiscais polo apoio a sociedades de xestión forestal.

## **TURISMO DE GALICIA MELLORARÁ O ESPAZO HISTÓRICO DA CONTORNA DO SANTUARIO DA FRANQUEIRA NA CAÑIZA**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición dun convenio para o acondicionamento do interior do núcleo desta zona de Pontevedra*
- *Ponse en valor un contorno de alto interese turístico que ano a ano acolle milleiros de peregrinos na romaría da Virxe da Franqueira*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello da Cañiza para o acondicionamento interior do núcleo da Franqueira, que ano a ano reúne milleiros de peregrinos e visitantes na romaría da Virxe da Franqueira, festa de interese turístico de Galicia.

Ao abeiro deste acordo, Turismo de Galicia levará a cabo actuacións que se centrarán en todo o conxunto de rúas interiores do núcleo para completar así o proceso de remodelación que xa se está executando. Os traballos centraranse no firme, detalles de encontros entre rúas e vivendas, sumidoiros e cambio de luminarias existentes.

Con estes traballos porase en valor un gran atractivo turístico da provincia de Pontevedra, onde se erixe o santuario de Nosa Señora e Virxe da Franqueira, que rende culto á imaxe da Virxe da Fonte. Son coñecidas as romarías, declaradas de interese turístico de Galicia, e por ser unha das imaxes marianas máis antigas de toda Galicia, xunto coa Virxe da Barca e das Ermidas. O santuarios que, xunto co da Franqueira ou Santo André de Teixido, forman parte da experiencia turística impulsada ao abeiro do produto cabeceira de marca de Turismo de Galicia Santuarios Máxicos que propón a visita a diferentes santuarios galegos.

No caso do Santuario da Franqueira, ademais de acoller ano a ano miles de peregrinos, tamén conta cunhas magníficas vistas desde os miradoiros da Paradanta, e con extensas áreas recreativas.

### **De relevancia turística**

Este convenio –cuxo investimento total ascende a máis de 130.000€, dos que Turismo de Galicia achega o 100%- responde a dunha iniciativa de relevancia na oferta turística galega vinculada aos recursos singulares entre os que se atopan as festas de interese turístico de Galicia e o patrimonio, e que persegue o impulso turístico do concello e da comarca.

Enmárcase no traballo da Administración autonómica pola aposta en valor dos recursos materiais e inmateriais de Galicia e para fomentar o seu coñecemento e desenvolvemento turístico, como así se recolle na Estratexia do turismo de Galicia

2020, a folia de ruta que inclúe os compromisos da Administración autonómica para desenvolver un modelo turístico responsable e sustentable e construír un destino único cunha oferta especializada e diversificada.

## **A GOBERNANZA DA PAISAXE, A ELABORACIÓN DE FERRAMENTAS ESPECÍFICAS DE XESTIÓN E A FORMACIÓN, PRINCIPAIS OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DA PAISAXE GALEGA PARA OS ANOS 2017-2020**

- *O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a planificación do novo período da Estratexia da paisaxe galega*
- *Facer da paisaxe un factor de calidade de vida e motor do desenvolvemento económico será un eixo prioritario nos vindeiros anos*
- *Traballarase para acadar novas ferramentas en materia da paisaxe, como os plans de acción da paisaxe, os pactos pola paisaxe e a creación do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia*
- *A estratexia tamén recolle actuacións sectoriais do Goberno galego que redundarán nunha mellora da paisaxe urbana, natural, así como a potenciación de lugares de especial interese paisaxístico*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a planificación da Estratexia da paisaxe galega para o período 2017-2020, na que destacan catro obxectivos fundamentais: a gobernanza da paisaxe, a elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe, a mellora e potenciación dos valores paisaxísticos e a formación e a divulgación e concienciación sobre a paisaxe.

Esta nova fase da continuidade ao traballo levado a cabo entre os anos 2014 e 2016, e que deu como froitos a aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia e o inicio da tramitación das Directrices de paisaxe (ambos en 2016), así como a publicación da Guía de caracterización e integración paisaxística de valados e a elaboración da Guía de cor e materiais que vén de rematarse e que será presentada nos vindeiros días.

No traballo previsto para os próximos tres anos, destaca o papel da paisaxe como factor de calidade de vida e motor de desenvolvemento económico, tanto por constituír un recurso para diferentes actividades, como o turismo, como polo feito de que a calidade paisaxística dun territorio atrae investimentos, empresas e novos residentes.

Así, para mellorar a gobernanza da paisaxe galega propónse o desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2008, a elaboración de plans de acción da paisaxe, a promoción dos primeiros pactos pola paisaxe e a creación do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia. A aprobación das Directrices de paisaxe de Galicia tamén será un fito dentro deste obxectivo, unha vez finalizada a fase de consultas e emitido o informe ambiental estratéxico, procederase á elaboración do documento completo das Directrices.



Ao mesmo tempo, estes instrumentos completaranse con outras ferramentas específicas para a xestión da paisaxe, co fin de dar continuidade á Colección paisaxe galega e porase en marcha un plan de seguimento dos obxectivos de calidade paisaxística.

### **Coñecemento do grao de calidade paisaxística**

Para o seguimento e control da calidade paisaxística elaborárase, cada catro anos, o Plan de seguimento dos obxectivos de calidade paisaxística, un informe que incluírá os indicadores de calidade paisaxística previstos nas Directrices de paisaxe e poderá incorporar outros, co fin de integrar os avances no coñecemento e a aparición de novas fontes de información. Dentro deste plan, constituiranse mesas da paisaxe co fin de crear foros nos que poidan estar todos os axentes vinculados á paisaxe.

A estratexia tamén recolle as diferentes actuacións sectoriais do Goberno que redundarán nunha mellora da paisaxe urbana, como o plan *hUrbe*, a Lei de rehabilitación e renovación urbana, axudas para rehabilitación ou o Plan de sendas de Galicia; da paisaxe natural, como os plans reitores de uso e xestión dos parques naturais e do parque nacional; e da paisaxe cultural, como a declaración de paisaxes culturais, así como a potenciación dos lugares de especial interese paisaxístico, a través da posta en valor dos miradoiros de interese turístico e da creación da Rede de itinerarios de interese paisaxístico establecida nas Directrices de ordenación do territorio.

Un punto importante desta nova etapa é o recoñecemento do papel activo que debe xogar a cidadanía na definición das políticas públicas sobre a paisaxe e a necesidade de adaptalas ao carácter dinámico daquelas. Así, unhas das novas iniciativas no ámbito da formación é o grao interuniversitario de paisaxe, mentres que no campo da divulgación se prevé a creación dunha *web* e un repositorio da paisaxe galega, a organización de exposicións e a convocatoria de concursos sobre a paisaxe.

### **Balance 2014-2016**

Para o actual Goberno galego a paisaxe é unha cuestión esencial na procura da cohesión social, por iso adquiriu o compromiso de definir unha política eficiente en materia de paisaxe, establecendo ferramentas propias. Unha das principais novidades do período 2014-16 foi a elaboración do Atlas das paisaxes de Galicia, no que se acometeu a realización conxunta dos catálogos de todas as grandes áreas paisaxísticas nun só Catálogo das paisaxes de Galicia.

Tamén se levaron a cabo actividades de sensibilización, formación e divulgación da paisaxe, traballo que queda patente na posta en marcha do SIX colaborativo de imaxes das paisaxes galegas, no programa Paisaxe e sustentabilidade do Plan proxecta, na



programación da materia de libre configuración Paisaxe e Sustentabilidade desde o curso 2015/16 e a iniciativa Somos Paisaxe.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 800.000 EUROS PARA PRORROGAR POR CATRO ANOS MÁIS O FINANCIAMENTO DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

- *Este ente, ao que o Goberno galego achega o 90% do capital, demostrou ser un instrumento eficaz na recuperación do barrio histórico da cidade olívica, onde xa se rehabilitaron máis de 100 vivendas e se están a recuperar outros cinco edificios nos que se obterán outras nove vivendas*
- *O Concello de Vigo achegará algo menos de 90.000 euros no mesmo período*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Vigo para prorrogar durante catro anos o financiamento do Consorcio Casco Vello de Vigo. En virtude dese convenio, o Goberno galego realizará unha achega de 800.000 euros, mentres que a Administración local contribuirá con 88.888 euros.

Esta renovación da vixencia do financiamento do Consorcio Casco Vello de Vigo ata finais de 2021 permitirá desenvolver un plan de actuación que prevé rehabilitar máis de 7.200 metros cadrados de vivendas e locais, a través dun investimento total de preto de 11,9 millóns de euros, procedentes tamén dos fondos obtidos polo propio organismo a través da venda e o alugueiro de inmobles.

O convenio de creación do Consorcio Casco Vello de Vigo, asinado en febreiro de 2005, establecía a súa vixencia ata 2011, pero a Xunta de Galicia considerou necesario prolongar os traballos de recuperación do barrio histórico de Vigo, de maneira que propuxo unha modificación dos estatutos, o que permitiu a continuidade deste organismo ata finais de 2017.

O convenio aprobado hoxe prevé o financiamento que a Xunta e o Concello achegarán ao Consorcio nos próximos catro anos (prazo máximo legal para este tipo de convenios), que poderá ser renovado para completar o plan de actuación do Consorcio ata 2024.

Esta nova prórroga ten como obxectivo principal manter os traballos de rehabilitación de edificios e vivendas en marcha e responde á necesidade de acadar a totalidade dos obxectivos establecidos no Plan especial de reforma interior en canto á rehabilitación de inmobles.

Ademais, o Goberno galego considera necesario autorizar este acordo pola alta demanda e ocupación das vivendas rehabilitadas polo Consorcio e ofertadas baixo a cualificación de vivendas de protección autonómica e polo carácter dinamizador que supón o Consorcio no conxunto histórico vigués.

O mantemento da vixencia do Consorcio vai permitir aproveitar as oportunidades que en rehabilitación conterà o próximo Plan estatal de vivenda, sobre todo, a través do programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, así como do programa de axuda aos mozos.

Dende a súa creación, o Consorcio Casco Vello de Vigo, ao que o Goberno galego achega o 90% do capital, demostrou ser un instrumento de grande eficacia na recuperación do barrio histórico e Vigo, onde xa se levan rehabilitado 55 edificios, 49 deles por parte do propio Consorcio e outros 6 polos organismos públicos aos que foron vendidos ou cedidos.

Nos 49 edificios rehabilitados o Casco Vello de Vigo obtivo 99 vivendas, aos que deben sumarse as 6 obtidas por actuación directa do Instituto Galego da Vivenda e Solo, polo que o total de vivendas rehabilitadas neste barrio é de 105. Ademais rehabilitáronse 31 locais comerciais.

Das 99 vivendas rehabilitadas polo Consorcio, calificadas como vivenda protexida de promoción privada, 80 foron adxudicadas en réxime de compravenda e 10 en réxime de alugueiro, quedando 9 pendentes de adxudicar. As 6 vivendas rehabilitadas directamente pola Xunta polo foron adxudicadas en réxime de alugueiro a menores de 35 anos. Dos 31 locais comerciais rehabilitados xa están ocupados 18.

Ademais, a recuperación de edificios ten contribuído á dinamización social e económica do casco vello de Vigo, onde están instalados os rexistros de Vigo e a oficina de notificacións e embargos. Ademais, foron cedidos á Universidade de Vigo tres edificios no Berbés para destinalos á súa sede institucional.

### **Plan de actuación ata 2024**

En 2018 o Consorcio continuará coa rehabilitación dos edificios situados na Subida ao Castelo 12, Subida á Costa 5, Cruz Verde 8 e 12 e Ferrería 8 e iniciará novas actuacións na praza do Berbés e na rúa Elduayen, cun investimento de máis de 2,35 millóns de euros.

O plan de actuacións ata 2024 prevé completar a acción levada a cabo na zona alta do Casco Vello, eliminando os puntos negros que aínda persisten no tecido urbano e rehabilitando os inmobles que o precisan, comenzando en primeiro lugar polos sete inmobles que xa son propiedade do Consorcio e continuando cos dez restantes xa previstos.

Na zona baixa, o esforzo investidor centrarase, sobre todo, en dúas zonas, Ribeira do Berbés e zona de Poboadores, comenzando polos inmobles xa adquiridos polo Consorcio ou que prevé adquirir.

---

Este plan de actuación prevé un orzamento de máis de 15,5 millóns de euros dos que preto de 11,9 millóns se destinarán a investimentos destinados á rehabilitación de 5.382,52 metros cadrados de vivendas e 1.882,08 de locais.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AXUDAS POR MÁIS DE 12,5 MILLÓNS DE EUROS PARA ACTUAR EN 52 ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL**

- *O Goberno galego aprobou hoxe a sinatura dos convenios con 34 municipios nos que se destinarán 10,3 millóns para actuar en preto de 1.300 vivendas*
- *Elévase en case 1 millón de euros a contía das axudas con respecto á convocatoria anterior*
- *O Consello da Xunta autoriza ademais o investimento de 2,1M€ nas axudas para recuperar vivendas e contornos urbanos na área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago*
- *A Xunta incrementa con case 3 millóns de euros de fondos propios o orzamento procedente do Plan estatal de vivenda*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios que permitirán destinar máis de 12,5 millóns de euros a axudas para actuar en 52 áreas de rehabilitación integral existentes en Galicia.

En concreto, o Goberno galego aprobou os acordos cos 34 municipios que solicitaron axudas para actuar en 51 áreas de rehabilitación integral, cun investimento de case 10,4 millóns de euros. Esta convocatoria supera en case 1 millón de euros a anterior, e permitirá actuar en preto de 1.300 vivendas.

Ademais, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao investimento de máis de 2,1 millóns de euros en axudas para recuperar vivendas e espazos urbanos na área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago en 2018, o que significará unha actuación en 300 inmobles. A convocatoria das axudas da ARI dos Camiños de Santiago para 2018 publicarase antes de finais deste ano e incluírá os fondos estatais previstos no convenio e 750.000 euros máis achegados pola Xunta, polo que o importe da dita convocatoria será de preto de 2,9 millóns de euros.

En total, o Goberno galego achega algo máis de 2,9 millóns de euros a incrementar o orzamento das axudas que proceden do Plan estatal de vivenda, xestionado polo Ministerio de Fomento. Sumando os 750.000 euros que se incluírán na convocatoria da ARI dos Camiños de Santiago a achega autonómica ascende a máis de 3,7 M€.

A repartición dos fondos é o seguinte:

	<b>Ministerio de Fomento €</b>	<b>Xunta de Galicia €</b>	<b>Total €</b>
51 ARI situadas en 34 concellos	7.415.649,55	2.976.871,25	10.392.520,80
ARI dos Camiños de Santiago	2.122.434,45	(*)	2.122.434,45
<b>TOTAL</b>	<b>9.538.084,00</b>	<b>2.976.871,25</b>	<b>12.514.955,25</b>

\* A convocatoria das axudas para 2018 da ARI dos Camiños de Santiago, que se publicará antes de finais de 2017, incluírá 750.000 euros de financiamento autonómico que non están incluídos no convenio que asinará co Ministerio de Fomento

### **Actuacións en 34 concellos**

En virtude dos acordos aprobados hoxe, recibirán axudas públicas para actuacións de rehabilitación de vivendas e espazos públicos aqueles concellos que, tendo unha ou máis ARI declaradas, solicitaron as axudas despois de que a Xunta abrise o prazo o pasado 30 de xuño.

Os obxectivos do programa de rexeneración e renovación urbanas que se executa a través das áreas de rehabilitación integral ten por obxecto o financiamento da realización das seguintes actuacións:

- Execución de obras en edificios e vivendas, para adaptalos á normativa vixente (habitabilidade, accesibilidade, etc. ...)
- Execución de obras de urbanización e reurbanización en espazos públicos para a mellora da calidade e sustentabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética.
- A execución de obras de demolición e edificación de vivendas de nova construción.
- O custo do realoxo temporal de ocupantes da súa vivenda habitual, froito das actuacións que se realizan.
- Os gastos de mantemento de equipos técnicos e oficinas de información e xestión.

Unha vez asinados os convenios cos correspondentes concellos, serán estes os encargados de realizar a convocatoria para que os propietarios de vivendas e edificios de vivendas interesados nelas poidan solicitalas.

No caso de concellos en que existe máis dunha área de rehabilitación, a repartición de fondos entre eles foi realizado polo propios concellos.

### FONDOS ASIGNADOS A CADA ÁREA DE REHABILITACIÓN

CONCELLO	ÁMBITO	MINISTERIO	XUNTA	TOTAL
A Coruña	Grupo de Vivendas dos Mariñeiros	632.408,15	280.722,28	<b>913.130,43</b>
	Núcleo San Vicente de Elviña	103.125,00	18.750,00	<b>121.875,00</b>
Betanzos	Conxunto histórico de Betanzos e a súa zona de protección	111.000,00	44.769,59	<b>155.769,59</b>
Corcubión	Casco Histórico de Corcubión	78.321,60	24.800,00	<b>103.121,60</b>
Ferrol	Barrios históricos A Magdalena e Ferrol Vello	362.125,00	158.054,00	<b>520.179,00</b>
	Barrio da Graña	28.500,00	15.348,26	<b>43.848,26</b>
	Barrio Esteiro Vello	67.325,00	37.710,82	<b>105.035,82</b>
	Barrio de Recimil	575.250,00	205.607,14	<b>780.857,14</b>
Neda	Conxunto histórico de Neda	34.809,60	14.039,74	<b>48.849,34</b>
Noia	Casco histórico de Noia	119.700,00	48.278,56	<b>167.978,56</b>
Mugardos	Núcleos de Mugardos e O Seixo	44.400,00	17.907,84	<b>62.307,84</b>
Muros	Núcleo histórico de Muros	69.619,20	28.079,49	<b>97.698,69</b>
Padrón	Casco urbano histórico Padrón	144.000,00	58.079,47	<b>202.079,47</b>
Rianxo	Rianxo, Rianxiño e A Fincheira	52.214,40	21.059,62	<b>73.274,02</b>
Santiago	Casco histórico Santiago Compostela	143.750,00	65.379,50	<b>209.129,50</b>
	Grupos de vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios do Barrio de Pontepedriña	264.000,00	98.764,32	<b>362.764,32</b>
	Polígono de Vista Alegre	360.000,00	149.528,64	<b>509.528,64</b>



	Barrio de Vite	264.000,0 0	98.764,3 2	<b>362.764,32</b>
Chantada	ARI Casco antigo de Chantada	67.200,00	27.103,7 5	<b>94.303,75</b>
Lourenzá	Casco Antigo de Lourenzá e zonas de respecto	65.268,00	26.324,5 2	<b>91.592,52</b>
Mondoñedo	Casco histórico e Barrios San Lázaro e Os Muíños	91.501,00	36.905,0 7	<b>128.406,07</b>
Monforte	Conxunto histórico e zonas de respecto no concello de Monforte de Lemos	91.375,20	36.854,3 3	<b>128.229,53</b>
Quiroga	Núcleo urbano de Quiroga	60.916,80	24.569,5 5	<b>85.486,35</b>
Ribadeo	Casco histórico da vila de Ribadeo	50.013,40	19.003,8 3	<b>69.017,23</b>
	Núcleo de Rinlo	15.521,00	6.006,00	<b>21.527,00</b>
Sober	Concello de Sober	120.900,0 0	49.139,1 1	<b>170.039,11</b>
Viveiro	Casco histórico de Viveiro	86.136,00	34.741,2 0	<b>120.877,20</b>
Castro Caldelas	Casco histórico de Castro Caldelas	28.800,00	11.615,8 9	<b>40.415,89</b>
Celanova	Contorno Mosteiro S. Salvador e Burgo de Vilanova dos Infantes	29.100,00	11.736,8 9	<b>40.836,89</b>
Ourense	Conxunto histórico de Ourense	304.500,0 0	97.285,7 1	<b>401.785,71</b>
	Núcleo de Seixalbo	60.000,00	23.214,2 8	<b>83.214,28</b>
	Polvorín, Camelias e Carballeira	550.000,0 0	250.357, 13	<b>800.357,13</b>
	Barrios Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada	70.000,00	23.214,2 7	<b>93.214,27</b>
Ribadavia	Casco histórico de Ribadavia	57.500,00	24.200,0 0	<b>81.700,00</b>
Vilar de Santos	Núcleo de Vilar de Santos	43.200,00	15.485,7 0	<b>58.685,70</b>
Xunqueira de Ambía	Casco histórico de Xunqueira de Ambía	68.908,80	27.792,9 6	<b>96.701,76</b>
Caldas de Reis	Núcleo de San Tomé	88.800,00	35.815,6 8	<b>124.615,68</b>
Cambados	Casco histórico de Cambados	150.738,0 0	60.797,1 1	<b>211.535,11</b>

Cangas	Casco antigo e zona ampliada de Cangas	87.024,00	35.099,36	<b>122.123,36</b>
Marín	Casco vello e barrio da Banda do Río Lameira	241.640,00	96.040,00	<b>337.680,00</b>
Poio	Conxunto histórico-artístico de Combarro	34.809,60	14.039,74	<b>48.849,34</b>
Pontevedra	Casco histórico de Pontevedra	228.521,71	88.685,59	<b>317.207,30</b>
	Núcleo de Estribela	85.038,29	37.782,46	<b>122.820,75</b>
Tui	Casco histórico de Tui	51.148,80	20.629,83	<b>71.778,63</b>
Vigo	Casco vello de Vigo	484.106,00	167.000,00	<b>651.106,00</b>
	Casco histórico de Bouzas-Vigo	195.314,00	74.000,00	<b>269.314,00</b>
	Grupo de Casas Santa Clara. Cabral	34.170,00	30.120,00	<b>64.290,00</b>
	Rúas Bueu-Moaña, Polígono de Coia	225.145,00	107.500,00	<b>332.645,00</b>
Vilagarcía	Núcleo de Carril	64.602,00	26.055,90	<b>90.657,90</b>
	Núcleo de Vilaxoán	64.602,00	26.055,90	<b>90.657,90</b>
	Casco Vello de Vilagarcía de Arousa	64.602,00	26.055,90	<b>90.657,90</b>
<b>TOTAL</b>		<b>7.415.649,55</b>	<b>2.976.871,25</b>	<b>10.392.520,80</b>

### Área de rehabilitación dos camiños de Santiago

Polo que respecta á área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, o Consello da Xunta autorizou o convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Ministerio de Fomento, o que permitirá destinar en 2018 máis de 2,1 millóns de euros de financiamento estatal a actuacións de rehabilitación nas vivendas emprazadas nas sete rutas dos Camiños de Santiago declaradas e delimitadas, o que significará unha actuación en 300 inmobles. A esta contía sumaranse 750.000 euros de financiamento autonómico na convocatoria.

Esta área de rehabilitación integral comprende 445 parroquias de 107 concellos das catro provincias galegas. Poden acollerse a estas axudas todas as vivendas das parroquias rurais polas que transcorren as rotas do Camiño, mentres que nas zonas urbanas poden beneficiarse as vivendas situadas na delimitación do Camiño.

---

Na ARI dos Camiños de Santiago está en vigor a convocatoria realizada no pasado mes de xuño de 2017, por importe de máis de 2,9 millóns de euros, e cuxo prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 30 de novembro de 2017.

## **O NOVO MAPA FARMACÉUTICO ESTABLECE A NECESIDADE DE APERTURA DE 41 NOVAS OFICINAS DE FARMACIA**

- *Sete farmacias estarán ubicadas en zonas urbanas, 14 en áreas semiurbanas, e outras 20 en áreas rurais*
- *O Consello da Xunta remite ao Consello Consultivo o Proxecto do decreto polo que se aproba o novo mapa farmacéutico, se planifica autorización de novas oficinas de farmacia, e fíxase a delimitación territorial para a súa ubicación*
- *Aprobado o novo mapa farmacéutico de Galicia e trala entrada en vigor deste decreto, iniciarase o procedemento de adxudicación das novas oficinas de farmacia a través de concurso*
- *O marco normativo e as circunstancias que cómpre ter en conta para garantir unha atención farmacéutica axeitada na nosa comunidade teñen mudado significativamente dende o último mapa de hai quince anos*

O novo mapa farmacéutico determina a necesidade da apertura de 41 novas oficinas de farmacia para garantir unha atención axeitada na nosa comunidade. A modificación das cifras poboacionais do padrón de habitantes, a apertura de novos establecementos sanitarios e oficinas de farmacia teñen mudado significativamente dende o mapa vixente, de hai quince anos (regulado polo Decreto 278/2002, do 12 de setembro) e que quedará derogado coa actual normativa.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a elevación a ditame do Consello Consultivo de Galicia o Proxecto de decreto polo que se aproba o mapa farmacéutico de Galicia, e tamén se planifica a autorización de novas oficinas de farmacia e se fixa a delimitación territorial para a súa localización.

Con este decreto, Sanidade mellora as condicións de acceso da poboación á atención farmacéutica, ao mesmo tempo que garante que no nivel asistencial de atención primaria a cidadanía dispoña do número necesario de farmacias cun acceso rápido, oportuno e equitativo. Tamén contribúe a garantir o dereito de libre elección de oficina de farmacia por parte da cidadanía, na medida en que se mellora a oferta e se adecúa ás circunstancias poboacionais existentes na actualidade, así como a recibir a atención farmacéutica que se precise coa maior inmediatez e proximidade.

A entrada en vigor deste decreto, trala súa aprobación, e a aprobación da reforma do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, permitirán iniciar o procedemento de adxudicación a través de concurso público das novas oficinas de farmacia coa convocatoria a un acto público ao que están chamados a concorrer todos os participantes, e no que cada un deles se presentará a todas as oficinas convocadas.

### **Planificación farmacéutica**

O novo mapa farmacéutico inclúe a relación de zonas farmacéuticas urbanas, semiurbanas e rurais existentes en Galicia conforme o disposto na Lei 5/1999, do 21 de maio; que especifica que nas zonas urbanas debe haber unha oficina por cada 2.800 habitantes, nas zonas semiurbanas por cada 2.500 habitantes, e unha apertura por cada 2.000 habitantes nas zonas rurais. En cada municipio poderá haber, polo menos, unha oficina de farmacia.

Desta forma, do total de 41 novas oficinas de farmacia incluídas no anexo do decreto, sete están situación en zonas urbanas (Arteixo, Oleiros, Narón e Ames), 14 en áreas semiurbanas (Cambre, Culleredo, Sada, Verín, Poio, Ribeira, Teo, Baiona, Cangas, Moaña, e Pontearreas); e as 20 restantes irán a zonas rurais que por poboación precisan estes establecementos.

### **Delimitación territorial**

O texto do proxecto de decreto que agora vai a Consello Consultivo fixa, ademais, a delimitación territorial concreta na que poderán establecerse as novas oficina de farmacia en cada zona farmacéutica da nosa comunidade. Realizarase tendo en conta a densidade demográfica, características xeográficas e dispersión da poboación, con vistas a garantir a accesibilidade no servizo, e a suficiencia na subministración de medicamentos.

A poboación mínima para a apertura de oficinas de farmacia será, con carácter xeral, de 2.800 habitantes por establecemento e a distancia mínima entre oficinas de farmacia tendo en conta criterios xeográficos e de dispersión de poboación será con carácter xeral de 250 metros. O cómputo de habitantes de zonas farmacéuticas efectuarase con base no padrón municipal vixente.

Esta delimitación territorial realízase en aplicación dos principios de cobertura e accesibilidade ao servizo farmacéutico, así, as novas oficinas de farmacia situaranse en parroquias que carecen de oficina de farmacia ou naquelas que, contando con ela, a proporción de habitantes por oficina incluída a nova, supere nun 25% a poboación existente na parroquia de maior poboación que non a teña. A distancia e a dificultade de comunicación entre os núcleos de poboación tamén poderán ser motivo para a localización dunha nova oficina.

## **GALICIA CONTARÁ POR PRIMEIRA VEZ CUNHA AXUDA PARA FACILITAR A CONCILIACIÓN DOS AUTÓNOMOS E QUE PERMITE AMPLIAR EN 16 SEMANAS A BONIFICACIÓN DO ESTADO**

- *A Xunta beneficiará con esta medida 400 autónomos ao financiar a contratación do traballador que se atope cubrindo a baixa por maternidade ou paternidade*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Estratexia Autónomo 2020, investirá 800.000 euros na actuación, que se prorrogará nos vindeiros anos*
- *Trátase dunha axuda media de 2.000 euros por contrato que suporá un paso fundamental cara á equiparación de dereitos cos traballadores por conta allea*
- *Aboarase o 100% da cota empresarial da Seguridade Social, incluíndo os conceptos por accidentes de traballo e enfermidades profesionais*
- *Esta medida súmase a outros programas pioneiros postos en marcha este ano pola Xunta para apoiar o traballo por conta propia como son a ampliación da tarifa plana e o bono autónomo*
- *Galicia continúa sendo a comunidade cun emprego autónomo máis sólido e máis estable que na media de España*

A Xunta continúa desenvolvendo a Estratexia Autónomo 2020 coa posta en marcha dunha nova medida encamiñada a favorecer a conciliación laboral e familiar dos traballadores galegos por conta propia. *O Diario Oficial de Galicia (DOG)* publicará nas próximas semanas unha axuda específica -da que se informa hoxe no Consello da Xunta- para financiar durante 16 semanas a contratación do traballador que se atope cubrindo a baixa por maternidade ou paternidade do autónomo. Deste xeito, o Goberno galego amplía outras 16 semanas máis a bonificación do Estado, o que permitirá aos pais e nais autónomos manter durante un total de 32 semanas este apoio que cobre o 100% da cota empresarial da Seguridade Social, incluíndo os conceptos por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Estratexia Autónomo 2020, investirá este ano 800.000 euros nesta actuación que nace con carácter permanente, é dicir, que se prevé prorrogar nos vindeiros anos. Financiaranse os contratos que se teñan renovado ou se renoven, unha vez rematada a baixa por maternidade ou paternidade, entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro deste ano. É unha axuda flexible, xa que a renovación do contrato se poderá facer, como máximo, nos 15 días posteriores de finalización a baixa. Estímase unha axuda media de 2.000 euros por contrato.

O Goberno galego, deste xeito, segue executando a Estratexia Autónomo 2020 co obxectivo de poñer ao alcance dos traballadores por conta propia as maiores facilidades para que poidan seguir emprendendo e crecendo. A planificación inclúe 20 medidas que a día de hoxe están executadas practicamente ao 100%: 9 de cada 10



euros dos fondos previstos, 40 millóns ano, xa están activados e nas próximas semanas completárase coa posta en marcha do programa de remuda xeracional e da formación específica para este colectivo.

Esta iniciativa para favorecer a conciliación súmase a outras actuacións pioneiras desenvolvidas este ano como son a ampliación da tarifa plana, o bono autónomo e a Oficina do Autónomo. O Goberno galego o que pretende ata 2020 coa Estratexia é beneficiar 10.000 autónomos ao ano apoiándoos na incorporación de novas persoas ao seu emprego, na consolidación da actividade existente para garantir a súa viabilidade e simplificando e axilizando a tramitación administrativa.

Esta planificación tamén busca que Galicia continúe sendo, como ata o de agora, a comunidade cun emprego autónomo máis sólido e máis estable que na media de España: 1 de cada 4 traballadores na Comunidade é autónomo e 6 de cada 10 negocios teñen unha antigüidade superior a 5 anos. Ademais, a participación da muller no emprego autónomo é a maior de España (7 puntos máis que no Estado) e desde 2009 a porcentaxe de autónomos con asalariados subiu en máis de 3 puntos, ao tempo que se duplican as iniciativas empresariais de menos de 6 meses promovidas por autónomos e case 9.000 galegos máis decidiron iniciar un negocio.



## **CULTURA INVISTE 100.000 EUROS NA MELLORA NO EQUIPAMENTO CULTURAL DE VILANOVA DE AROUSA**

- *A Consellería asina un convenio co Concello para reformar a Casa da Cultura, co fin de dotar a localidade dun auditorio e de ampliar a súa oferta cultural*
- *O edificio tamén pasará a albergar a sede da Escola de Música municipal*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá un total de 100.000 euros na reforma da Casa de Cultura de Vilanova de Arousa e a súa transformación en auditorio e edificio de usos múltiples para a mellora das instalacións e a ampliación de usos do inmovible con fins culturais. O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Vilanova de Arousa para a realización das obras de reforma do edificio, que abrangue o equipamento e as instalacións.

Ao abeiro do dito convenio, o departamento de Cultura do Goberno galego comprométese a financiar con 100.000 euros –distribuídos en dúas anualidades– estas obras, que correrán a cargo do Concello. Así, levarase a cabo unha reforma do vestíbulo de entrada do edificio, procederase á dotación de rede informática e equipos, equipamento nas aulas da Escola de Música e dotación de iluminación, son e utensilios escénicos na zona de auditorio.

Esta actuación enmárcase dentro das iniciativas impulsadas pola Xunta de Galicia a prol da defensa e da promoción dos valores culturais e da protección, conservación e difusión do patrimonio. Así mesmo, garántese que os concellos dispoñan dunha axeitada infraestrutura sociocultural para a súa utilización e desfrute por parte da cidadanía.

Despois da reforma, o Concello poderá contar cun lugar axeitado no que realizar actividades culturais, artísticas, de oficio e de formación, e tamén servirá como sede da Escola de Música de Vilanova de Arousa.

### **Mellora das instalacións culturais**

Mediante convenios de colaboración, a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Cultura, renovou durante o ano 2016 as instalacións e equipamento do Edificio de Usos Múltiples de Teixeira, no Concello de Curtis, e acometeu o acondicionamento do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira, no Concello de Silleda. Recentemente, o pasado mes de setembro, o Consello da Xunta de Galicia tamén autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Noia para a rehabilitación do Casino, por importe de 100.000 euros, o que permitirá levar a cabo no inmovible unha actividade cultural estable.

## **A XUNTA APROBA OS DOMINGOS E FESTIVOS NOS QUE OS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS PODERÁN ABRIR EN 2018**

- *Estes dez días foron consultados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria coas principais organizacións do comercio galego e dos consumidores*
- *Serán o 7 de xaneiro, o 29 de marzo (Xoves Santo), o 1 de xullo, o 25 de novembro, o 8 de decembro (día da Inmaculada) e os domingos do mes de decembro*
- *Estas datas non son de aplicación para o pequeno comercio, xa que este goza de liberdade horaria*
- *Os concellos poden solicitar ata o 15 de novembro a modificación de ata dúas destas datas para adaptalas ás súas características*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de aprobar, a proposta do sector, os domingos e festivos nos que os establecementos comerciais que non gozan de liberdade horaria poderán abrir ao longo do vindeiro ano 2018.

Logo da consulta previa ás principais organizacións do sector, ao Consello Galego de Consumidores e Usuarios e ao Consello Galego de Cámaras, os días de apertura, que tal e como marca a normativa son dez, se reparten do seguinte xeito: o domingo 7 de xaneiro, data tradicional de inicio das rebaixas de inverno; o 29 de marzo, Xoves Santo; o domingo 1 de xullo, data habitual de inicio das rebaixas de verán; o 25 de novembro, domingo posterior ao chamado *Black Friday*; o sábado 8 de decembro, día da Inmaculada; e os domingos do mes de decembro: 2, 9, 16, 23 e 30.

A orde pola que se determinan os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2018 será publicada no Diario Oficial de Galicia o vindeiro 13 de outubro.

Posteriormente, calquera concello que o estime oportuno poderá solicitar ata o próximo 15 de novembro a modificación de ata dúas datas para o seu termo municipal para adaptalo aos festivos locais ou atendendo a calquera outra circunstancia motivada.

Cómpre sinalar que estes domingos e festivos non son de aplicación para o pequeno comercio, xa que, con carácter xeral, poden decidir libremente o seu horario e días de apertura os establecementos de ata 300 metros cadrados, coa excepción dos que non teñan a consideración de pequena e mediana empresa.

## **A XUNTA PROPICIOU A PARTICIPACIÓN DE MÁIS DE 9500 MOZOS E MOZAS GALEGAS NAS DISTINTAS ACTIVIDADES DA CAMPAÑA DE VERÁN 2017**

- *Galicia foi un verán máis referente a nivel estatal, tanto pola variedade da programación como pola cantidade de prazas dispoñibles*
- *Ademais, esta foi a campaña máis inclusiva e integradora ao participar nela máis de 200 mozos e mozas con discapacidade*
- *A Administración autonómica investiu 2,9 millóns de euros nesta edición da Campaña de Verán, facilitando a materialización de máis de 900 contratos de traballo para directores, monitores e outros perfís no eido do tempo libre*
- *O Goberno galego traballa xa na organización da Campaña de Verán de 2018 onde é previsible incrementar 600 prazas máis polo que se superarán as 10.000 ofertadas*

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance da programación da Campaña de Verán 2017 da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que baixo a lenda 'O teu verán colle nunha mochila' ofertou 9572 prazas para a participación da mocidade en campos de traballo; campamentos; accións de conservación, protección e fomento do patrimonio natural; e outras actividades de educación non formal e de lecer que se desenvolveron durante a pasada tempada estival. A Administración autonómica investiu nesta programación de 2,9 millóns de euros facilitando a materialización de máis de 900 contratos de traballo para directores, monitores e outros perfís no eido do tempo libre.

Estas cifras, que superan a campaña de 2016 con 526 novas prazas (un incremento do 6%) e un 11% máis de investimento, sitúan Galicia de novo como referente a nivel estatal, moi por riba das 2000 prazas habilitadas en Andalucía ou das 1700 de Castela e León, por poñer dous exemplos. A ampla e variada programación desenvolveuse sen incidencias salientables e cumprindo coas expectativas tanto de mozos e mozas participantes como dos profesionais implicados. Así mesmo, cómpre subliñar a importancia que ten esta campaña como recurso de educación non formal, de conciliación laboral e familiar e de xeración de emprego no sector do lecer e actividades de tempo libre.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, está a traballar xa na organización da programación de verán de 2018, onde é previsible incrementar a oferta en 600 prazas máis polo que se superarían por primeira vez as 10.000.

A Campaña de Verán 2017 foi froito do traballo coordinado entre a Dirección Xeral de Xuventude e varios departamentos autonómicos da Xunta, que sumaron esforzos e recursos cara a unha atención integral á mocidade. Así, en colaboración coa Secretaría

Xeral de Política Lingüística organizouse a undécima edición do programa de dinamización lingüística 'O galego campa' para fomentar a fala do idioma no contexto dos campamentos de verán. Esta iniciativa fixo parada en 19 campamentos en 15 instalacións xuvenís chegando a 1500 rapaces e rapazas.

O programa 'Conecta con Galicia', levado a cabo en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, permitiu que 150 mozos e mozas descendentes de galegos e procedentes de Arxentina, Uruguai, Brasil, Chile, México, Cuba e Venezuela convivisen e compartisen experiencias e vivencias con mozos e mozas galegos percorrendo etapas do Camiño de Santiago, e participando en actividades dirixidas a coñecer o patrimonio histórico e cultural das distintas zonas. Ademais, coa actividade 'O mar de Galicia' no albergue de Gandarío realizaron actividades de lecer e de coñecemento do medio mariño. Outros 3 mozos participantes neste programa asistiron ao campamento 'NaturArea: medio ambiente mariño e náutica', nas instalacións xuvenís de Area, en Viveiro; e outro grupo de 16 mozos e mozas participaron en convivencia con voluntarios e voluntarias galegas no campo de traballo 'Esencia Galega' celebrado en Portomarín.

As Consellerías de Política Social e de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinaron un convenio que permitiu a programación e desenvolvemento conxunto de actividades de conservación, protección e fomento do patrimonio natural, como foron os campos de traballos que tiveron lugar nas dunas de Corrubedo no concello de Ribeira e en Muíños da Torrente no concello de Muíños, e nos que participaron un total de 39 voluntarios galegos, doutras comunidades autónomas e doutros países. Tamén estes dous departamentos autonómicos puxeron en marcha o proxecto 'Se queres Galicia, recicla', con 33 actividades formativas en 18 instalacións xuvenís para a difusión e concienciación da importancia da reciclaxe entre a xente nova.

### **Campaña inclusiva e integradora**

Máis de 200 mozos e mozas con discapacidade participaron en condicións de plena igualdade e integración nas distintas actividades que conformaron a programación dos campamentos, erixíndose esta campaña de 2017 na máis inclusiva de todas as que se desenvolveron ata o momento. Monitores especializados encargáronse da atención dos mozos e mozas con discapacidade.

A reserva de prazas no programa de campamentos da Campaña de Verán permitiu, ademais, a participación gratuíta de 52 menores fillos de vítimas de violencia de xénero, e doutros 100 menores en situación de garda ou tutela que se sumaron aos 275 que obtiveron praza mediante a participación directa no sorteo xeral.

Así mesmo, 45 menores en situación de tutelados ou en réxime de acollemento residencial puideron formar parte nun campamento de aventura nas instalacións de

Gandarío ao abeiro do programa Vacacións Solidarias organizado en colaboración coa Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ), ao resultar o proxecto de Galicia gañador na edición 2017 deste programa.

### **Campamentos**

Recibíronse máis de 10.100 solicitudes para optar ás 6400 prazas ofertadas nos campamentos para nenos e mozos de entre 9 e 17 anos que tiveron lugar nos meses de xullo e agosto nun total de 22 albergues e campamentos por toda a xeografía galega.

Tamén se ofertaron outras 298 prazas para que os mozos e mozas galegos puidesen participar en campamentos de intercambio con outras comunidades autónomas, concretamente no País Vasco, Castela e León, Estremadura, A Rioxa, Madrid e Cantabria, das que se cubriron 287, cun grao de ocupación do 96%. Rapaces e rapazas destas comunidades viñeron tamén a Galicia para participaren nos nosos campamentos.

Ademais, mediante a oferta concertada, a Xunta puxo os albergues e campamentos á disposición dos concellos, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas e outros colectivos, para que estas entidades puidesen organizar as súas propias actividades de verán dirixidas á xuventude. Ofertáronse 1195 prazas en oito instalacións que facilitaron que un total de 18 entidades puidesen facer uso dos equipamentos xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para ofrecer actividades dirixidas á mocidade.

### **Campos de traballo**

Galicia é a comunidade de referencia en materia de campos de traballo, actividades encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos que se levan a cabo en todas as comunidades autónomas e en distintos países.

Así, os campos de traballo en Galicia puxeron á disposición dos mozos e mozas galegos, doutras comunidades autónomas e estranxeiros un total de 598 prazas nos 28 campos incluídos na Campaña de Verán nas Illas Cíes, Cerdedo-Cotobade, Vilanova de Arousa, Muíños, Celanova, Riós, Esgos, Ourense, Folgoso do Courel, Portomarín, Pantón, Quiroga, Xermade, Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira (2 campos), Coirós e As Pontes.

En quendas de 11 a 16 días ao longo do verán, os voluntarios participaron en actividades ambientais, etnográficas, sociais, culturais, arqueolóxicas ou de fomento do emprendemento. Como contrapartida, a mocidade galega puido asistir a campos de

traballo noutras comunidades autónomas e en 26 países de Europa, América, África e Asia.

En total, 313 voluntarios galegos participaron nas distintas opcións de campos de traballo: 133 en Galicia, 91 noutras comunidades e 89 en 26 países de Europa, Asia, África e América.



## **A XUNTA HABILITA UN PAQUETE DE MEDIDAS EXTRAORDINARIO PARA APOIAR OS AGRICULTORES E GANDEIROS GALEGOS AFECTADOS POLA SECA**

- *Entre as actuacións inclúense achegas dun millón de euros para garantir a subministración de auga ás explotacións gandeiras, o anticipo do 70% das axudas da PAC, a autorización do uso dos barbeitos para pastoreo, subvencións aos seguros agrarios e medidas para mellorar a liquidez das explotacións*

A Xunta habilitará un paquete excepcional de medidas para facer fronte aos danos ocasionados pola seca no agro galego. O Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural no que se inclúen diferentes actuacións, partindo da recente declaración da fase de alerta por seca na nosa comunidade.

Así, destinarase un millón de euros nas anualidades de 2017 e 2018 a axudas deseñadas para minimizar os efectos da seca prolongada e para garantir a subministración de auga ás explotacións gandeiras no réxime extensivo e intensivo de aproveitamento de pastos e cultivos agrarios.

Establécense como actividades subvencionables nas explotacións agrarias e gandeiras as estruturas para o abastecemento de auga (balsas de almacenamento, bebedeiros, conducións para o abastecemento destes, captación e condución de auga, etc). Tamén, os equipos para mellora do abastecemento de auga ao gando como cisternas móbiles ou bebedeiros móbiles. Ademais, este tipo de actuacións poderían ser tamén subvencionadas a través da orde de axudas para plans de mellora das explotacións do 2018. A contía que se perciba será como tope o 50% do investimento, non superando o importe máximo da subvención por beneficiario os 5.000 euros.

### **Seguros agrarios**

Por outra banda, no informe lémbrese que a Xunta de Galicia subvenciona as pólizas de seguros agrarios cun orzamento de 4,7 millóns no ano 2017 e insístese na necesidade de seguir fomentando a súa contratación para facer fronte a este tipo de incidencias meteorolóxicas.

Existen dúas liñas de seguro relacionadas coa seca, que en Galicia están infrautilizadas. Trátase, por unha parte, dun seguro de explotacións de cultivos forraxeiros, específico para cubrir a falla de precipitacións en parcelas con forraxes que teñen como destino a sega. Por outra banda, hai un seguro de compensación por perda de pastos que apoia os gandeiros polo maior gasto derivado da necesidade de suplemento de alimentación a consecuencia dunha falta de pastos en explotacións de gando. Este segundo tipo de pólizas non se contrata na nosa comunidade.



Estas iniciativas súmanse ao convenio de colaboración que se subscribirá entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, en réxime de concorrência non competitiva, para dúas liñas de apoio á liquidez das explotacións agrogandeiras. Por un lado, o refinanciamento de pasivos e, por outro, o apoio ao circulante. No primeiro caso, o importe mínimo atendible será de 3.000 euros, para préstamos formalizados a un prazo igual ou superior a 5 anos. No segundo, o importe mínimo atendible será tamén de 3.000 euros, para empréstitos a un prazo igual ou superior a 3 anos e un máximo de 7 anos.

A maiores, para facer fronte aos problemas derivados da seca, xestionouse un anticipo do 70% das axudas da Política Agrícola Comunitaria (PAC) antes do 1 de decembro do presente ano. Nesta mesma liña, recentemente autorizouse o uso dos barbeitos para pastoreo, de forma que se inclúe unha excepcionalidade no cobramento das axudas do chamado pagamento verde da PAC, en superficies de interese ecolóxico que se dediquen a alimentar o gando. Isto significa que os labregos e gandeiros que teñan utilizado terreos en barbeito neste 2017 para pastoreo non se verán penalizados na repartición destas achegas.

## **A REDE NÁUTICA INTERNACIONAL PASSEPORT ESCALES XEROU UN VOLUME DE NEGOCIO APROXIMADO DE MEDIO MILLÓNS DE EUROS NA CONTORNA DOS PORTOS DEPORTIVOS GALEGOS NO QUE VAI DE ANO**

- *Os peiraos deportivos da comunidade adheridos á rede rexistraron neste ano preto de 1.910 visitas*
- *As dársenas de Ribadeo, Viveiro, Ares, Camariñas, Muxía, Muros, Portosín, A Pobra, Cabo de Cruz, Rianxo, Portonovo, Sanxenxo, Combarro, Cangas e A Coruña forman parte desta iniciativa que promove rutas de navegación no Arco Atlántico*

A rede náutica internacional Passeport Escales xerou un volume de negocio aproximado de medio millón de euros no que vai de ano nos portos deportivos galegos e nas vilas que os acollen. Estas cifras de actividade recóllense no informe de actividade presentado esta mañá pola conselleira do Mar, Rosa Quintana, ao Consello da Xunta.

Entre xaneiro e setembro deste ano, a rede impulsou un total de 1.910 pernoitas nos portos deportivos galegos. En concreto, as ditas estadias producíronse nos 15 portos autonómicos que se atopan actualmente adheridos á rede como son Ribadeo, Viveiro, Ares, Camariñas, Muxía, Muros, Portosín, Sada, A Pobra, Cabo de Cruz (Boiro), Rianxo, Portonovo, Sanxenxo, Combarro (Poio) e Cangas; e nas dúas mariñas da Coruña, pertencentes a Portos do Estado.

A cifra de chegadas estranxeiras aos peiraos de Passeport Escales amosa o pulo que esta iniciativa achega ás instalacións náuticas galegas, ao incluír a nosa comunidade nas rutas de navegación no Arco Atlántico que promove. En concreto, a rede fomenta itinerarios entre Gran Bretaña, Francia e norte de España –Galicia e País Vasco-, achegando facilidades e incentivos económicos para os navegantes á hora de recalar nos peiraos membros.

Porto a porto, o número de estadias vinculadas á Passeport Escales durante este ano foi o seguinte: Ribadeo, 200; Viveiro, 224; Ares, 52; Camariñas, 119; Muxía, 106; Muros, 207; Portosín, 78; A Pobra, 88; Cabo de Cruz, 53; Portonovo, 35; Sanxenxo, 29; Sada, 29; Rianxo, 23; Combarro, 85; Cangas, 53; Marina Coruña, 228; e Club Náutico da Coruña, 273.

Segundo explican os responsables da rede, creada pola entidade francesa Compañía de Morbihan e á que Galicia pertence dende o ano 2014, estímase que o volume de negocio que xera para o sector náutico, auxiliar, hostalaría, restauración e servizos cada pernoita é de entre 200 e 500 euros polo que, como mínimo, o volume de negocio xerado en Galicia neste ano estaría n o medio millón de euros.

O informe recolle tamén que Galicia é a comunidade autónoma con máis portos adheridos á rede e que funciona ademais como ponte para incorporar portos portugueses. A adhesión de peiraos deportivos autonómicos á Passeport Escales foi promovida por Portos de Galicia a raíz dos contactos establecidos nos diferentes eventos promocionais de náutica nos que está presente o ente público, como o Grand Pavois celebrado recentemente na localidade francesa de La Rochelle ou o Southampton Boat Show, no que estivo presente tamén o ente público.

A Passeport Escales agrupa a oferta de prazas dos portos adheridos ofrecendo diversas vantaxes aos seus usuarios. Entre elas, ofrece facilidades para a xestión da reserva de prazas a distancia, unha guía informativa sobre os portos incluídos e zonas de navegación, un foro para clientes e diferentes aplicacións informáticas. Xunto a isto, o principal reclamo para a captación de navegantes radica na gratuidade de parte das pernoitas que os usuarios realicen nos portos adheridos, cun máximo de dúas noites gratis por escala. A facturación dende o porto de escala realízase ao porto base e non directamente ao usuario, para maior comodidade do navegante.